

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 29 DE XANEIRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintenoventa de xaneiro de dous mil sete; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 22 de Xaneiro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **don Ana Belén Carames Bouzas**, con domicilio na Praza Garcia Boente nº 1, 3ºD, desta vila, en virtude da instancia nº4336 de data 14 de setembro de 2006, solicitando licenza municipal para a apertura dunha bocatería no inmovible sito na rúa San Martiño nº 23, baixo, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado a zona.- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por dona Ana Belén Carames Bouzas., para a apertura dunha bocatería no inmovible sito na rúa San Martiño nº 23, baixo, deste termo

municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa cualificación da actividade.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando altas e baixas no servizo de teleasistencia domiciliaria”.

- “Do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Ourense, comunicando Sentencia relativa o recurso de apelación núm. 7069/2005”.

- “Convenio de Coopeoración entre a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e o Cocnello de Ribadavia, para a realización de traballos relacionados coa información do territorio”.

- “Do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 002, comunicando Sentencia do procedemento ordinario 0004973/2003, interposto pola Federación Galega da Construcción”.

- “ Da Xefatura Provincial de Tráfico, comunicando campaña e operacións de vixilancia e control para o ano 2007”.

- “Da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, Circular nº 1/2007, sobre criterios hixiénico-sanitarios para prevención e control da lexiionelose”.

-“Da Xerencia Territorial do Catastro, Acta da Comisión de Seguimento do Convenio de Colaboración en materia de xestión catastral, celebrada o día 19 de decembro de 2006”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION INICIAL DE MODIFICACION PUNTUAL Nº2 DO PLANO PARCIAL DO PARQUE EMPRESARIAL.-

Visto o proxecto de Modificación Puntual nº2 do Plano Parcial do Parque Empresarial de Ribadavia, que desenvolvan as Normas Subsidiarias de Ribadavia presentado por Xestur Ourense e redactado polo equipo denominado Eptisa Grupo E.P.

Visto o informe de Secretaría de data 25-01-07, sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir así como o informe dos Servizos Técnicos Municipales de data 26-01-07 emitido en relación co proxecto de Plan Parcial presentado.

Considerando canto antecede e de conformidade co artigo 86.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembre, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e co artigo 21.1. da Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxiimen Local, e delegación da Alcaldía de data 16-06-03, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Modificación Puntual nº2 do Plano Parcial do Parque Empresarial de Ribadavia, que desarrollan as Normas Subsidiarias de Ribadavia presentado por Xestur Ourense e redactado polo equipo denominado Eptisa Grupo E.P.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e anunciarase, ademáis, en dous periódicos de maior difusión na provincia. Durante dito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

TERCEIRO. Solicitar as Administracións afectadas pola súa competencia sectorial para que emitan o correspondente informe os efectos regulados na lexislación sectorial. Estos informes deberán emitirse no prazo dun mes, salvo que a lexislación sectorial establezca outro prazo.

CUARTO. Recabar da Consellería competente en materia de Medio Ambiente o preceptivo informe ambiental, que deberá ser emitido no prazo dun mes”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.